

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano  
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XII



1.º de Nadal do 1928



Núm. 255

## AO DECORREL-OS DIAS

Antón Villar Ponte, con esa preocupación sempre vixiante e patriótica que o caracteriza, lémbra-nos a proisima data do centenario do nacemento do patriarca das letras galegas Manuel Murguía e chama nas portas da concencia galega pedindo que se prepare a realizar un grandioso aito conmemorativo. Xá houbo por ahí quen respondeu adheríndose á idea.

Mais non todos os que están no deber de facel-o o fixeron aínda e compre non perder mais tempo en pensal-o. Nós non temos necesidade de amostrar a nosa conformidade pois de feito e sempre con obras, que son amorés, estamos na vanguarda cando de cousas galegas serias e firmes se trata.

Xá se dixo e non é perciso repetilo. O significado que para Galicia e a renascencia galega ten a figura venerable de Murguía e citáronse tamén os deberes que os galegos temos para con él. A Galicia que pensa en sí e traballa para sí ten de sentir no seu espírito o imperativo deber de conmemorar xurdiamente a data e como é así non fai falla falar mais. Agora o que compre e poñer mans á obra para despois

non ter que andar co'as presas da derradeira hora. E para eso ninguén millor que a Academia que tivo á Murguía pol-o seu primeiro presidente. A ela corresponde n'esta ocasión tomar para sí a orgaización dos aitos que terán de se celebrar. Ela pois ten a palabra e nós non debemos facer mais que recomendarlle dilixencia.

### POEMAS DA NOITE

No ceo da soidade  
as estrelas do silencio.

O ceo chan da badía;  
o mar cóncavo do ceo.

Escumas de ouro na outura  
de escintilo milagreiro;  
estrelas de neve embaixo  
de maino vagar sereo.

Vila da beira do mare;  
n-ela un corazón aceso;  
no corazón un salaio  
e no salaio un anseio.

A fontela da saudade  
deita a i-auga do relembro.

O corazón, de xionllos,  
bebe o seu resolio acedo.

Agarima no teu colo  
o meu corazón senlleiro!

Na gaiola azul da noite  
é un paxaro prisioneiro...

A lúa é nao almirante  
da frota do firmamento...

No ceo da soidade  
as estrelas do silencio.

R. CARBALLO CALEIRO

\*\*\*

As páxinas de A NOSA TERRA dende o seu primeiro número están ateigadas de traballos encol do concepto que dos galegos e de Galicia teñen por ahí adiante especialmente en Madrí. É un tema vello que de cando en vez, calquera cousa, casisempre un aldraxe de boca castelán, ponó novamente de actualidade e motiva artigos e verbas encol do caso. Agora foi Fernández Flórez, o agudo escritor galego, quen puxo a

custión no tapete con verbas admirables e xustas.

Escribiuse bastante e houbo algún xornal, «La Voz de Galicia», que non atopou millor comentario que endilgarnos o resobado e ridículo argumento de que en Galicia nasce-

ron, Fulano, e Mengano, moi señores nosos, para demostrar a capacidade e valía da nosa raza. ¡Parvos, pero parvos de remate! Sin se decatara caeron no crasificado de *gallegos idiotas* que Fernández Flórez dá axeitadamente á aqueles que adoitan decir que son galegos *a mucha honra*.

Osgaleguistas militantes temos d'estas cousas un conceito particular adequerido despois do convencimento ausoluto de que a nosa raza é unha raza superior á que sempre nos aldraxou e propalou pol-o mundo a verba depresiva de *gallego*. E tamén dende que soupemos desfacer nos da vestimenta allea imposta para nos vestir a da nosa integral e pura racialidade. Deixamos de ser finos e respetuosos cos veciños aldraxadores e sabemos non dobregarnos a todo o que eles fan e exportan a *provincias* por termos o convencimento de que na nosa casa prodúcese milllores artigos. E ademais adoítámonos a tér constantemente á mán a conmisceración que sempre inspiran os seres inferior.

res. Por eso nos galeguistas militantes non producen sensación ningunha eses aldraxes. Porque non ofende quen quere se non quen pode.

Agora que nós sentimos verdadeira compasión por aqueles galegos superiores en número pero inferiores en calidade, que co seu acatamento servil dán motivo a estes aldraxes. Adeprendan a seren galegos. Pero non galegos *a mucha honra* que eso é ser idiota. Adeprendan a seren galegos, integralmente e pol-o momento nada máis que galegos.

Recomendaríamollles que imitasen aos cataláns anque despois lles chamasen antipáticos e arredistas. Son gabanzas.

Parécenos que xá vai sendo hora de dar remate á tanta finura e respetuosidade servil. Aínda habería máis que decir pero abunda. N'este mesmo número algúns estimados colaboradores nosos ollan a cousa por outros diversos aspectos pois a custión ten moitos e variados.

## Esquemas e Lembranzas

*A restreva figura estar a bravo. Os sucos que na sazón ordeaban a farta palpitación dos centeos pesados, desfánse no inzamento das herbas homildosas: saramago, senraddela, millaia, i-o fofo pelo de lobo esmaltado pol-a chuvía outoniza. Mais chega unha longa rayola do sol, i-o pasearse amodiño fai locir eiquí, all, aculá, algús piñeiriños xa nados. Algús apenas se difrencian dos musgos. Pr'a primaveira sairán todos. A semente do pino demórase un ano na terra. Con tres anadas máis recollerán, armoñosos, o vento das cumes. Houbo un sementador. Non téñades medo qu'o eido fique á ermo.*

\*\*\*

*Conformidá. As veces pode parecer medo, impotenza, cobardía. ¿Non é máis humán tomar as cousas pol-o lado millor? Pois ningún dubida qu'a conformidá é unha virtude. Unha virtude que s'alimenta do vivír*

*interior. Baixo un carís de renunzamento cría fortes enerxías. Como a semente baixo a terra, educa ós domiñadores do futuro. Aproveitemos as leucióis severas que impón a conformidá.*

\*\*\*

*Está triste o xurdín por que morreu a lua i-o alcipreste voltouse un medo escuro. Xa a camelia abriga suas xemas pr'o inverno e baixo o morto buxo non se demorará moito a primeira violeta espranzada.*

\*\*\*

*No mes derradeiro celebrouse en Chantelín o congreso autonomista bretón. Foron representantes de Irlanda e de Gales. Cantaron os bardos, acendéronse nos roquedos celtas fogueiras irmás das que alomeaban o navegar dos barcos de coiro de que fala César, un irlandés fixo cantar a música étnica pechada no bag-pipe. Tratouse de moitas cousas, federalismo, língua, autonomía das finanzas, entr'outras. Os xendarmes arrin-*

*caban as bandeiras (negra e branca) que de seguida voltaban a trunfare n'un albre, n'un tellado, no mastro d'un barco. «Breiz Atao»: Bretaña eterna.*

\*\*\*

*¿Non atopades tristeiro e decrebado ô señor Bernaldo? Na sua faciana acabazada xa non locirán doutoralmente aquiles lentes que se puña pra lêr as esqurturas i-os prorateos. Perdeu pra sempre unha dinidade xurídica, protocolaria e solene. Pensemos na tristura do cabezaleiro derradeiro.*

\*\*\*

*Trinta anos na América. Moitos cartos, mercou o millor pazo da parroquia e vaille botar unha azotea e pórlle auga corrente. Todol-o envexan. Todos, menos o abó que naceu o 1.º de Xaneiro do 42. Despoixa de sesenta anos de matrimonio non quixo deixar a casíña terrea ond'a agora engurgulla o viño novo na pipa de carballa. Il sabe qu'o neto está triste e toma bicarbonato despoixa do xantar.*

\*\*\*

*Sempre tiven medo d'aquil home parvo e trenco que vive soilo como un mouro na cossoupa da congostra. Ten os ollos que non figuran ser d'il, azúes e sinxelos com'a fror do liño orballado. As veces penso que lle roubou os ollos á unha sobriña que tiña recollida e que morreu ôs quince anos.*

\*\*\*

*Outono, tempo das fondas inquietúas. Medra o senso das responsabilidás, franqueanse as noites ô longo estudo apaixonado. Paixón no método, no fino analise, na meditación sosteñida. Acompaña na noite o vento e a chuvía. Pracer de voltar cando s'acenden as luces da Vila, do paseo entr'as follas atoladas. Tempo no que se fai e desfai a primavera do porvir. Mais os rapaces d'hoxe levan no ollar unha sereidade, millor unha limpa indefrenza que desconcerta.*

\*\*\*

*Fai vinte anos os rapaces chorarian pol-a morte d'Amundsen. Terían seu retrato, procurarían rutas e nomes na carta do Norte sementada d'illas brancas como osos. Algús hastra envexarian o cadaleito de lazo, infindo de brancura, do héroe. Hoxe agardan pol-o xornal sportivo e saben botar a conta ô que gana o pai de cada un, e coñecen todol-as marcas d'automóviles.*

RAMÓN OTERO PEDRAYO

#### NA FESTA DO LIBRO

### DON DIEGO XOHÁN de ULLOA

Cando eu faga a miña biografía de Don Diego Xohan de Ulloa poñerei no escomenzo unhas verbas de recendor xeorxico:

«Canto o arte de fertilizar as leituras. Direi baixo que ceo compre mercar os libros, e axuntar os tomos de Vergilio ôs de Santo Tomás; como se conservan as bibliotecas, e como se multiplican, e cal é a industriosa economía dos bibliófilos...»

D'este xeito as escuras liñas serán como recentes surcos de arada.

---

No Arquivo da Catedral Compostelán somella que ninguén entrou dempois do espolio do coengo Ulloa. Abrides o caixón d'unha mesa e topades cartas de Don Diego Xohan de Ulloa. Folleades os libros dos estantes e levan a firma de Don Diego Xohan de Ulloa. Leedes un documento e Don Diego Xohan de Ulloa puxo unha advertencia marxinal pra guiarnos no camiño. Sentádevos no seu sillón, mollades a pruma no seu tinteiro... todo o agarda aínda. A carón do seu paso o de López Ferreiro, con ser tan fondo, somella mais lonxano.

---

Sentariase no sillón, poñendo a mán sobre a mesa. A testa ergueita somellase na



frente e nos ollos á de Richelieu, no narís e na boca á de Saco e Arce. Testa ergueita, nobre postura adprendida nas longas olladas ás estatuas románs. Ollos afeitos ás grandes arquiteituras. Na boca o xesto do cardeal Borghese, que esculpíu Bernini. Risa contida. Mentón de medala román. E logo nas máns, miudas e afiadas, a inquedanza de follear pequenos *in 16.º* con tapas de vitela. Nos pes o pruído de alancar pol-as rúas inesquecibles das vilas lonxanas. Corpo góstoso de aquecido repouso en lugares onde acompañe á un a calada conversa das columnas, o gorgullar barroco das grandes fontes escultóricas.

Don Diego Xohan tornou de Italia no 1733. Traía a dinidade de Maestrescola que lle dera Clemente XII e traía tantos e tan extraordinarios libros que a súa chegada é o feito mais saínte na hestoria da cultura compostelán do XVIII.

Non sei como chegou a Roma, nin porque voltou. Non sei tampouco cando saíu de Ribas de Miño, nin quen o levou pol-a mán nas rúas de París. É l andar, andivo toda Italia, «de Palermo a Venecia», agarimado de Cardeales e Prelados. N'un caixón do Arquivo, unha carta do Cardeal, Bentivoglio ó Patriarca de Venecia, dí: «o que fagas por Ulloa agradecereicho como se conmigo o fixeses».

O certo é que o coengo viveu de cheo os seus días. Mercou libros do trinque: matemáticas, arquitectura, poesía, guías de vilas, biografías, cartas de xente en moda, panfletos, óperas, follas... O coengo era fidalgo, criado cecais á carón dos frades bieitos. Por eso tiña un esprito de mosteiro aldeán, frolecido de humanismo, broslado de leituras crásicas, ourente de gosto pol-a erudición.

De súpeto, a paixón literaria por Marini. Como se fose novo. Con apaixoamento de moda. Tomos e mais tomos: miudos, feitu-guiños, axeitados. Logo a paixón arquitec-

tónica, o interés pol-as obras do pazo de Versailles: Jules Gabriel, Boffrand, Oppenord. Gosto pol-a escola francesa. «Real Escola de Versailles». Despois a ópera cos seus repartos e todo.

Pero sempre sobre él a formación clásica. Horacio frena ó leitor de Frugoni. D'aquela Ulloa ten vagar pra percorrer os postos de libros, e as rendas de Ribas de Miño gástanse en pequenos Virgiliós de Amberes, en Ovídios milaneses, en grandes tomos densos de Lugduni e de Venecia. Toda unha cultura á empregar logo en Santiago.

Don Diego Xohan de Ulloa trae á Compostela vellos libros e novas ideas. E anda pol-a vida compostelán con presa, rachando con impulsos barrocos o ben tecido sono da cidade.

É él o guieiro do Cabildo: o que responde ós inquéritos do P. Flórez; o que dirixe ó maestro da casa do Deán; o que leva da mán á Sarela cando ergue a casa do Cabildo nas Platerías,—*¡Pro comoditate e ornatu..* que era coengo e artista!—; quen pide a Roma deseños das reixas e os paga, de seu, cando alguén discute o material, quen regala a lámpara e os candelabros, feitos en Roma por Baladier, unha das mais belidas pezas da orfebrería barroca.

Ulloa foi o visitador que resolveu os conflitos entre o Colexio de Fonseca e a Universidade. Ulloa escribiu no seu tempo todas as minutas de cartas e memoriales do Cabildo.

Despois da súa morte, en Ribas de Miño, 1764, chegaron á Compostela os lampadarios feitos por Baladier, con eles viñan uns mazos de vitela que Ulloa regalaba ó Cabildo e a descripción dos achádegos de Herculano. Aínda despois de morto sementou en Santiago unha nova moda c'un libro novo.

Candeira debere publicar algunhas observacións suas, sobre a influencia dos coengos—lémbrese á Vega e Verdugo—nos arquitectos composteláns. D'aquela veríamos

o que Casas e Novoa, Ferro, Lens, Gambino, os Piedra, os Pecul... debían ó noso Ulloa.

Teño pra a biografía de Ulloa a súa xenea-loxía, o estudo das súas leituras, os inventarios do seu mobiliario, cartas, notas, documentos... Pero non as súas impresións dos viaxes por Francia e Italia que serían extraordinarias.

O meu estudo do coengo Ulloa rematará d'este xeito:

«Esto é o que cantei eu sobre a fertilidade das leituras e o cuidado dos libros, e das bibliotecas... Foi escrito no Arquivo da Catedral Compostelán onde eu gozaba d'un escuro retraimento, d'un doce vagar consagrado ós vellos tomos axuntados, un á un, polo coengo Ulloa...»

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

## CON FERREÑAS E PANDEIRO

### O CEGO QUE VEU.

O conto foi que unha vez era un cego dos dous ollos. E vaise e vendeulle a alma ao demo. I-entón o demo doulle un ollo. I-o cego veu. E vía só d'aquel ollo. E, para o que fora ceguiño de todo, era moito ollo o ollo prestado. I-o pobre do torto andaba a rirse como un toliño dos que tiñan dous ollos. E riase para que os demais visen que él tamén tiña un.

### O CANISTELO DE FIGOS.

CANDO Madri cuasi non era vila non tiña máis que osos e madroños. Como alí non tiñan outra cousa que comer os pobres dos osos comían madroños.

Desde que Madri foi vila e corte secaron os madroños e morrerón de fame os osos, e naceu o madrileñismo, escola patriótica creadora do provincianismo e do paletismo.

D'aquela chegou ó Madri o primeiro canistelo de figos, enviados pol-os provincianos e paletos.

Os madrileños abraíados comeron os figos e lamberon o canistelo. E deron en rir. Rironse moito. Riron pol-o ollo do

canistelo de figos. E perpetuaron a efemérides cun moimento literario digno d'eles. Escriviron:

«Afirmé a tres gallegos  
ante testigos,  
que en Madrid a los ciegos  
les daban figos.  
Y en tres minutos  
se sacaron los ojos  
¡Pero que brutos!»

Riamonos os galegos do brutos que nos fan os casteláns máis celebremos que agora en Madri haxa figos. E como pe da ledicia está decote a dor doímonos os galegos de que a estupidez ande pol-a figueira. Unha misera caraveliña de figos non dá dereito a empoleirarse!

I-asi, rindo i-amando, comamos os nosos figos á sombra das nosas figueiras.

### OS FIGOS I-O TURISMO.

O peor é que os turistas lén a folia do almanaque onde os madrileños publicaron esa siguidilla tan chea de gracia, non van a querer vir a Galicia.

O figo é un postre delicado. Aos turistas os figos sábenlle que os agorentan. E si os galegos dan os ollos pol-os figos, aos turistas, nas fondas van a ter que servirilles ollos de galego no canto de figos. O problema é pol-o tanto de moito ollo. E de moito figo.

Cómprenos resolvelo, e ninguén como as juntas fomentadoras do turismo para o caso.

De mín a eles, eu botaba mán da fotografía. Unhas postaliñas con galegos e galegas vestidos co traxe típico, todos a bailaren i-a comeren figos sobr'as figueiras. Figueiras de todas castes, desde o migueliño á breva.

I-a breva do turismo estouparia nos nosos eidos.

Eu teño unha fé cega no turismo. O feito de que na nosa terra entren e sallan ao ano unhas dúcias de ingresos ou franceses ten un valor transcendete para o porvir de Galicia. Ise é o camiño. I-o demais andrómenas. Pero sin figos, pode haber turismo?

DAMIL.



Pida á nosa Administración

## ROMANCES GALEGOS

por

E. BLANCO AMOR

Prezo 4 pesetas.



Este número foi revisado  
pol-a Censura.

## A defensa dos nosos inxenios no XVIII

Sarmento.

*Orixen do aldraxe "Porco galego".*—Os que chasquean aos galegos co-a eispresión de «Porco galego» descoñecen o seu significado. «Porco galego» é unha loubanza dos alimentos regalados da Galiza que quer decir: o pernil bó ha de ser de Galiza. Este xeito de falar empregábase xá decote no tempo de Varrón. v. g. *Palma egiptia, ostrea tarentina* etc. Fica imprentado que pol-os anos de 900 corrían pol-a Hespaña as seguintes eispresións: Mel de Galiza; Scanda de Asturias; tríticum de Campos; Mulus de Hispalis, Caballus de Mauris. Sería chasquear a un sevillano por expo. en ves de «mulus hispalis» o decir «macho sevillano»? Non por certo porque a verba *macho* en aquel senso o mesmo que a de *Porco* na frase «Porco galego» son substantivos e «sevillano» e «galego» adxetivos.

É de creer que non fose cristián senón mouro, o que trocou os frenos á eispresión de «Porco galego»; porque como o substantivo porco non é do gosto dos mouros aínda hachan violento o pronuncialo como adxetivo e así pregan perdón antre os seus para nomeal-o.

*Orixen do outro aldraxe de "Galego con perdón".*—A isto seguiu outro dito de «Galego con perdón» trocándoo co que se acostuma decir cando se nomea o animal Porco, pois pídesse perdón para decil-o. Os cristiáns piden perdón por semellar cultos. Os mouros pol-a xenreira que teñen ao Porco, non-o nomean e piden cen perdóns cando o fan. Os Románs, non pediron perdón a ninguén para decir *porcus*, nin *Sus*, nin *Porcellus*. Logo estes perdóns empregábanos os mouros antre si e a estes veñen a imitar os que sin fixarse aldraxan ós galegos co-a frase de «Galegos con perdón».

(Notas inéditas de Frey Martín Sarmento extractadas dos seus papeis manuscritos no Arquivo da Universidade Galega).

## O ALDRAXE ÓS GALEGOS NA LITERATURA ESPAÑOLA :: a) No teatro menor

Saynete nuevo intitulado: «El almacén de criadas.—Para quince personas.—Con licencia en Valencia.—Por José Ferrer de Orga.—Año de 1815.—Se hallará, etc.

Hai unha escea en que un dono de figon vai buscar criadas e dí:

*Fig.*—Yo busco un par de gallegas—que soporten el trabajo de mi figón; han de ser—puercas, porque con su grasa—den substancia a los pucheros—cuando esté el carnero flaco.

O dono do Almacén dille: Lleve usted todas las que hay—y escoja.

Á galega primeira faille decir o autor: Nus confurmamus.

*Fig.*—Devolviendo las que sobren—pagaré.

*Dono do Alm.*—Es excusado—usted no vuelva ninguna—y yó me doy por pagado.

*Fig.*—Vamos, gallegas de aquí.

*Gale.*—Hasta la vista nuesamu.

Outro personaxe dí: Como soy que las Gallegas—Tienen barbas como machos.

E así segue ó sainete.

\* \* \*

Saynete nuevo intitulado: «El dormilón.—Para diez personas.—Valencia imprenta de Estevan.—Año de 1816.

Antre os persoaxes que toman parte no saynete figuran «Dos gallegos». A sua intervención é escasa.

Sale D. Blás e dous galegos con canastros.

*Paxe.*—Aquí está el Señor D. Blás:—maldito sea su cuerpo.

*Gall. 1.º*—Dunde punemus la carga—que nus derrunga.

*Ama.*—Allá dentro (ao paxe)—haz poner este recado.

*Paxe.*—Venid conmigo mostrencos:—refresco y función? Yo saco del año mi pellejo.

*Gall. 1.º*—Señor, ande V. aprisa.

*Paxe.*—Calla bruto que no quiero—que el vivir de prisa—apresura el entierro (Entran).

*Blás.*—Dale a esos majaderos—una peseta.

*Paxe.*—Peseta?—Dos reales sería muy bueno—que para ellos es bastante—así se hacen los enredos:—tomad y á Dios.

*Gallegos.*—Esto es pocu.

*Paxe.*—Poco? iros a los infiernos—pero quien pudo hasta ahora contentar a los Gallegos?

*Gallegos.*—Al menos para un traguimi.

*Paxe.*—Traguillo? de agua del Puerto—que aclara la vista a todos (vânse os galegos) a fuera vamos corriendo...

Extractos do traballo inédito «Os galegos no teatro castelán» do sabio mestre Cabeza de León.



## AS DEREITAS E O GALEGUISMO

UNHA OPINIÓN

por PAULIÑOS PEDRET CASADO

O Dr. Pedret Casado escomeza hoxe a colaborar nos nosos traballos. Con azos de moxidade, e sabencia de home que consagrou todo o seu tempo ao estudo, trae o novo irmán, cheo o seu peito de xurdias arelas para o porvir da Galiza.

Un día sinificativo para o galeguismo, este no que un sacerdote exemprar e cultísimo—un descendente dos López Ferreiro, Oviedo e Lago—enfréntase d'un xeito sere, e dende o seu ollar definido, co problema nazonalista.

Dende agora xa non será unha cousa vago-menta a eisistencia do elemento católico—actuando como tal—no noso movemento.

Este elemento que conta c'un historial de máisima eficacia no despertar da idea de concencia nas minorías nazonales.

A NOSA TERRA que ten ben definido o seu programa, non precisa de acraracións inúteis que encherían de friaxe oitocentista a quentura siceira con que acolle a firma prestixiosa deste talentoso e bó galego.

O modo d'opinar respeitoso coa tradizón é ademirador e conservador entusiasta das instituzóns, que dende fai tempo son frecuentes nos pobos, chámase na política civilizada opinión de dereitas. Na Hespaña onde o sentimento relixioso quenta mais ós espritos (non decimos que seia mais atendido) coártase a sinificazón de dereito ó parecer dos preconizadores d'unha política siguidora dos mandatos da relixión, inda qu'algúns d'istes, pol-a confesión da súa crenza na inxustiza da aitual lexislazón social, n'outras partes chamárianse esquerdas. E de modo usual na Hespaña entendemos agora a sinificazón da devandita verba.

É cousa sabida que moitos crên ver unha contradizón entre o ámbito do sinificado do termo «dereita» e o do vocábulo galeguismo. Este artigo tende á desfacer tal erro.

É de seu a relixión conservadora, e moitos dos seus cultivadores pensan qu'o ánimo de non modificar débese estender ás cousas soxetas ós homes. Oen falar do galeguismo, que como é unha idea refrexa dos séculos de crítica como o aitual, é unha idea nova, a do recoñecemento da persoalidade nazonal de Galiza en todol-os ordens despois de tanto tempo de prostazón lamentábel e d'esquencemento indíño, e confunden ós seus

partidarios co sinnúmero de vividores, que co gallo do contentamento de calqueira debilidade humán buscan dende qu'o home e home o seu propio medro, e satisfeitos co-ista resposta de confusión á súa inquedanza tornan ó seu castelo incommovibel d'opinións pechadas. Como istes son xente de boa bé, o probrema da súa conversión ó galeguismo é mais que nada de cultura. Eles ñoran a Historia de Galiza co-a súa persoalidade autónoma non tanto pol-as súa institucións xurídicas como pol-os seus costumes, pol-o seu idioma, pol-a súa idiosincrasia, que como obras superiores á concenza humán son as que mandan mais nos homes e indélebeis pra sempre, como o mostra o feito de qu'apesares do cruel centralismo de tantos anos, pr'as outras nazóns d'Hespaña os galegos siguen cuáseque tan estranos como os franceses ou os italiáns, e descoñecen istas dereitas que a nacionalidade perfecta da Galiza está confirmada pol-a antipatía e desprezo, que hastra fai pouco ou seia mentras non xurdeu a concenza da propia persoalidade, tivo o pobo castelán ó galego, e dos que disgrazadamente fixéronse eco moitos cospícuos literatos da Castela. Por isto creemos que pra ista crás de dereitos nemigos do galeguismo o probrema é sobor todo de cultura.

Hai outras dereitas en troques, que aínda que aparecen formando parte das xuntanzas de tal nome, non son en realidade senón dereitas de intreses. Son os grandes burgueses, que fan do capital o tíduo xurídico único dos privilexios das infruenzas da súa anticristián acaparazón d'aldraxantes riquezas, e do rótulo de dereitas un escudo contra os asaltos dos desposeídos, son os vividores políticos, que da necidade de moitos fan unha segura escada pra rubir ós outos postos, os fatuos de sangue azul esquencedores da probeza da súa masa encefálica cicais pol-a cõr do sangue. Pra todos istes como non hai outros ideaes, qu'o estómago e o mando ¿que lles importa nin a Galiza, nin a Hespaña nin a humanidade, si non sirven d'escabel ás súa ambicións? Hoxe o galeguismo non se presta par'o medro, e opóñense decididamente a il; mañán, si se presta, serán os seus partidarios. Pra istes, que temen hai d'abon-



do nas fías das esquerdas, son recomendábeis inda que cuáseque endexamais d'eisito leizóns d'espiritualismo.

Mais aínda hai outras dereitas das nemigas do galeguismo (moi poucas por disgraza) que lembrándose de que Tertulián pensa cristianamente cando dí qu'os cristiáns teñen unha patria, o mundo, qu'exíanse de que, co nazionalismo multiplicándose as pátrias, esquécense aquela humanitaria idea por encontrarse mais os odios entre os homes. Como iste é un razonamento simplista, ten certa aparencia de verdade, mais non fondo nada mais distante d'ela. Canto mais coñecemos a nosa terra e mais estudamos as características e ademiramos as suas belezas, mais coñecemos as outras terras, xa que pra saber hai que difrenzar, e coñecéndoas mais, amámol-as millor. Pois si o amor é principio do coñecemento, como dí Landoberg, tamén iste o é do amor, coma dín os escolásticos. Asina aquel gran católico e catalanista o bispo Torras e Bagés, que foi tamén un gran hespañolista, puido dicir con frase rectísima do Menendez Pelayo qu'era un rexionalista de todas as rexions hespañolas por coñecer-as tan ben. E por isto do nazionalismo correspondido por outros só esperamos ben pra o estado sobrán, e coidamos qu'il impedirá os aldraxes, froito do descoñecemento, que Galiza sofreu d'outra terra hespañola, e que co-a sumisión indifia á ela non conseguen que desaparecesen. O nazionalismo vai á un aumento d'amor que tenda á xuntar á toda a humanidade n'un pulo de benquerenza mútua. Por isto poden ser nazionalistas as dreitas d'ista cras, que queiran afondar na psicoloxía dos homes e dos pobos, que mostran unha variedade imposible de tirar, mais qu'oferce en troques súa base da úneca armonía consistente, a da vontade d'amor.

Os feitos non poden desprezarse, nin debe irse contra a natureza. En Hespaña hai pol-omenos catro nazóns de rexa persoalidade. Unha d'elas e a nosa Galiza, cuio nazionalismo ten que ser deseiado non sô pol-os galegos senón tamén pol-os bos hespañoes. Nai da Hespaña medioeval e do heróico pobo portugués, ô que dou seu doce idioma, está chamada á xuntar de novo, d'unha maneira concorde co-a civilizazón d'agora, os dous

países en hora ben cativa arbitrariamente separados por aquel inxusto poder, que s'arrogaron n'outros tempos os reises. E o seu nazionalismo debe coidar como a frol mais querida, a cultura, que nos ensiña como foi e como é Galiza, pra que poidamos, ô mesmo tempo que nos recreamos no seu coñecemento, ourentar a nosa aizón pol-os camiños do trunfo. Nazionalismo integral sin dúbida, pois se a mesma fala da terra fose esquenciada, perderíamos un dos fortes tíduos da nosa persoalidade, e pecaríamos de ingratidade contra os moitos dos días de gloria, que sómente foron pra Galiza —é un feito— cando se falou e s'escribiu galego, e contra o gosto ô suprimir a mais fermosa creazón da i-alma colectiva nosa, e decrararíamonos capitisdiminuídos, impodentes pra incarnar como outros pobos as ideas en verbas propias, obra a mais augusta, que pode facel-o home.

E por ser nazionalismo integral noso, debe ser relixioso, e nada teñen que temer d'el as dereitas verdadeiramente católicas. A nazón galega com'as d'Hespaña ten unidos os seus días d'esprenzor, que podemos revivir ôs sentimentos cristiáns. A tradizón nosa é sobre todo cristián. O idioma de Galiza formouse sobor da infrenza da Vulgata. A administración civil seguidora da división en parroquias é a única de hoxe que ten alma. Á variedade das comarcas seguírona e dirixírona os difrentes arciprestádegos, arcedianádegos e diócesis non a arbitraria e noxenta mutilazón das provincias; homes tonsurados brilan entre os mais goriosos da nosa hestoria e os mais defensores dos nosos foros, e a incomparábel urbe gardadora das nosas xoias é a acabada manifestazón d'un fondo agradecemento sintido pol-o fino esprito de Galiza ante o seu Señor Santiago. Pro ademais pra todo home equilibrado (e xa pasou o desequilibro do século dezanove) a relixión é un elemento integrante da vida e o mais subprime.

A custión ¿que será despois de morrer de nós? preséntase sempre, e é recollida con respecto por todo home, que pense, e as inxustizas imposíbeis de reitificar pol-os homes desasosegan o esprito hastra que ten esperanza n'outro mundo e por conseguinte fé.

## EDUARDO BLANCO AMOR

Chegou aos nosos brazos este entrañable irmán que no grupo «Céltiga» de Bós Aires ten posto preferente e destacado. Ven como delegado especial do gran xornal bonaerense «La Nación» para facer unha serie de artigos encol do actual momento de Galicia. Fixará a súa residencia momentánea na Cruña onde pronunciará unha conferencia encol do suxestivo tema «Estática e dinámica do galeguismo».

Con Blanco Amor chéganos tamén o seu derradeiro libro «Romances Galegos» impregnado en Bós Aires, Blanco Amor en corpo i-esprito. Chegan a Galicia, á súa patria ben amada, ao mesmo tempo. Él a se nos amosstrar e a enmeigarnos co-a súa charla galega, extraordinariamente culta, á falar-nos da autuación detallada dos batalladores irmáns da Arxentina e á se saturar de arume patrio. O seu libro, á confirmarnos o enorme e exquisito poeta que é o autor. Os dous a facernos vibrar en galeguismo, en entusiasmo, en expresións divinas de patriotismo, cultura e arte.

Denantes do seu regreso á incorporarse de novo ao cotidián traballo de amostración cordial do espírito galego nas terras americanas, teremos aínda que falar máis de Blanco Amor. Estas verbas de hoxe son de ben chegada, de ledicia por podel-o apreixar cordialmente nos nosos brazos e poderlle amosstrar integramente o gran cariño e admiración que lle profesamos nós que sentimos latorar o corazón de par do seu na Santa Idea do galeguismo. Blanco Amor ven á súa casa e como é un irmán querido e leva anos lonxe todos vestímonos de ledicia para recibilo como se meresce.

Compre facer resaltar o homenaxe que co viaxe de Blanco Amor vai facer á Galicia o xornal «La Nación» de Bós Aires. Ningún xornal galego, cousa imperdonable, destacou o feito.

«La Nación» de Bós Aires ven a gastar uns miles de pesetas pol-o xeneroso desexo de dar a conoecer na Arxentina o verdadeiro estado actual de Galicia en total-as suas

manifestacións. Para eso preocupouse de escoller o delegado, unha persoa que poida cumprir o cometido con toda exactitude pol-a súa cultura e pol-os seus coñecementos. Non quixo mandar a un Xan Pérez calqueira como os que a cotío ollamos desempeñando estas comisións. Blanco Amor era o home e nós aseguramos que a misión que o trae a nós deixará grandes beneficios espirituais e materiais para Galicia.

O que non ten perdón de Deus é que a psensa galega non comentara o feito con todo o agarimo e agradecemento que meresce. Nós que a coñecemos ben e a padecemos por desgracia sabemos a que obedece o silencio.

Abondelle saber á «La Nación» e tamén á Blanco Amor que a cousa máis antigalega que temos en Galicia é a prensa salvo moi contadas exceicións. Dito esto está dito todo.

Pol-a nosa parte recibimos con verdadeira emoción o homenaxe do xornal bonaerense e agradecémol-o no fondo da nosa alma.

---

### Escallos lingüísticos

#### PAZO CATIVO

Ollo no cume d'aquil monte un vello pazo de ergueita torre e sinxela arquitectura. Fá-lame ese pazo d'outros tempos lonxanos, dos que sô fican restos nas pedras centenarias. Señal de tempos guerreiros. D'aquela a guerra faciase nobremente e loitábase por outos ideais. D'unha banda a razón; da outra a falsía (jou Pero Pardo!).

Hoxe non; das duas bandas están a inxustiza e a indinidade. Antes loitábase cara a cara; por eso os guerreiros pazos foron ergueitos nos curutos. Agora lóitase con misterio, furando no chán, e a morte se non sabe d'onde chega.

Foi afundíndose o pazo e tanto foi o seu afondamento que trocouse na trincheira. Así está máis perto do inferno.

Emporiso cando ollo o vello pazo, dáme tristura. Non sirve xa para a loita, e o que se non desfai pedra a pedra, convírtese en finca de recreo. O xigante trocouse en verme. A vellés do guerreiro patriarca é cativa.

## CURRUNCHO DE PAZO

Esquecido, mesto de pœiro, aquil currunchiño amostra uns vellos retratos. Homes barbudos termando de longa espada. Casas foscas de frades guerreiros. Vellos ergueitos de grande maxestade. Donas alteirosas de outos peitados e doce fitar... Son os nobres galegos de tempos esquecidos. Foron eses os que quixeron facer Rei a un Mariscal. Os mesmos qu'a traición venceu, pois con eles non poideron as espadas... As suas armas están lixadas do sangue castelán, e o seu corazón enchido do amor á Terra. Son os mártires da Frouseira e Mondoñedo.

Foron herojs da Patria, e hoxe os seus netos teñen o seu casal en Madrí e falan castelán.

## A CHAMADA DO MAR

O barco íase asolagando mainamente. Abordo ficaban sô o telegrafista e mais o capitán, os dous cumprindo co seu deber. Os botes salvavidas alonxábanse cada vez mais e xa apenas si podían ser ollados desde o monstro que morría... E súpeto c'un renxer de madeira crebada e gurgullos de vapor afondeuse totalmente o «Leviatán». Os botes salvavidas tiñan xá desaparecido...

O capitán quedou na superficie do mar sen esperanza de salvación. Debaxo d'el, a morte collía ô telegrafista.

Instintivamente púxose a nadar, mentres pensaba qu'a hora de morrer estaba perto. Pensaba tamén na catástrofe, nas probables vítimas, nos ais espantosos dos tripulantes; na loita desesperada da sua tripulazón, heroica na sua calada desesperanza. E diante d'el sô vía fazianas terribles de espanto, espectros de medo.

Mais houvo algo que fixolle esquecer o terror d'aquela noite. Veu tamén alá no lonxe uns piñeiros lanzals que baixando do monte metíanse na ría; oeu os queixumes da sua costa, sinteu os recendos dos patrios carballals... e esquecido de todo o que non fora aquela forte lembranza da terra celta, mentras o mar acedo íbao afogando, pensaba o capitán: ¡Quen me dera morrer no meu mar!

MILLOBRE PINTO.

**Liñas de Loito**

Un irmán noso ben querido, Antón Martínez, morreu na Cruña o 22 do pasado Novembro. Era dos primeiros que ingresaron na Irmandade Cruñesa e levaba fortemente enraizado no corazón o sentimento galeguista no que profesou día por día os doce anos que o galeguismo militante conta de existencia. Un irmán bó e xeneroso, traballador aitivo da causa por quen sentíamos os galeguistas esa cordialidade espiritual e xurdia que nos cingue a todos en apertado feixe. A sua morte siñifica unha perda valiosa e grandemente sensibre para as ideas galeguistas. Nós non podemos endexamais esquecer ao entrañable e dende agora chorado Antón.

Cos seus familiares e co'a mesma intensidade compartimos o sentimento ocasionado pol-a morte do querido irmán.

Antón Villar Ponte, o querido compañeiro e irmán, pasa arestora pol-a gran desgracia de ver morrer á sua distinta dona Micaela Chao Maciñeira. Unha señora que compartía por enteiro os sentimentos galeguistas de Villar Ponte e da sua familia, caso exemplar de sincero e acendrado patriotismo. Foi conselleira primeira da Irmandade femenina cruñesa e estaba compretamente identificada cos nosos ideás galegos manifestándoo a cotío con forte intensidade e constancia.

Un caso de patriotismo femenino exemplar e único. A sua morte produxo en nós sentimento forte e sincero.

Antón Villar Ponte e toda a querida familia da distinta dona, saben ben con canto sentimento compartimos a gran desgracia que hoxe lles aqueixa.

**Novas da causa**

Non cabe dúbida ningunha que a causa do galeguismo conscente vai enraizando firmemente na concencia do noso pobo. Os que vivimos a intimidade d'ese sentimento pa-



triótico ollamos a cotío probas elocuentes d'elo que nos enchen de ledicia e nos dán azos para continuar cada día con mais vigor a elevada minsión que nos impuxemos de despertar á sua propia vida a vida de Galicia. Vivimos xa os tempos da recolleita que vai madurando paseniñamente hasta chegar a dar vizosos e proveitosos froitos.

Un día son os moitos libros galegos que agora estánse publicando. Outro día é o ollar como moitos xornás galegos adican páxinas ao cultivo do noso idioma e falan das cousas galegas con un intrés e unha ourentación axeitada que antes non tiñan. Unha vegada son noticias que nos chegan de obras de política, cultura, historia, folk-lore, filolóxicas, que andan a se faceren. Outra vegada son cartas que constantemente recibimos de galegos residentes en Galicia e fora d'ela abonándose a ista revista ou pedíndonos libros galegos con verbas galegas ateigadas de fervoroso patriotismo. Feitos que parecen pequenos pero que teñen unha sinificación poderosa. A demostración palmaria do que xa dixemos. Que o galeguismo toma carta de natureza nas almas galegas. O porvir preséntase xurdio e ateigado de promesas.

Tanto é así que agora mesmo, n-este mesmo mes, coinciden casualmente tres cousas que nos indican que un sector do pobo galego que até agora parecía alonxado do galeguismo aitivo, quere tamén contribuir a il co seu traballo. Referimonos ao clero. O clero galego ten no século pasado unha bastante determinada autuación nas letras galegas e no sentimento galego por parte d'alguñs dos seus elementos. No que vai de século parecía vivir ao marxe d'estas preocupacións salvó exceicións contadas. Mais agora parece que se incorpora novamente a elas.

Vede en que fundamos iste noso pensar:

O cura párroco de Laza D. Xosé Alonso Obregón que firma co pseudónimo «Fidalgo de Reontemi» acaba de publicar unha novela en galego titulada «Na miña aldea», que revela un ben ourentado sentimento galeguista.

O día 8 do pasado Novembro celebrouse unha velada literario-musical no convento

de San Francisco de Santiago e no programa figurou un discurso en galego a cárrego de Fray Ramón Varela que según nos informan é un dos millores oradores sagrados da Península. A festa rematou ademais cantándose o noso Hino e dándose vivas á Galicia.

Hoxe, expontáneamente, comenza a colaborar en A NOSA TERRA outro sacerdote, o señor Pedret Casado, con un artigo, de cuio intrés xusgarán os lectores, primeiro d'unha asidua colaboración que nos ofrece.

Estes son os tres feitos, ben sistemáticos, de que falábamos e que afincan cumpridamente a nosa opinión de que o clero galego ingresa tamén nas ringleiras do galeguismo aitivo.

Ademais do exposto, no Seminario de Estudos Galegos, que está facendo unha formidabile laboura de investigación e divulgación xeneral da riqueza artística e cultural de Galicia, teñen posto varios sacerdotes que traballan con un intrés e patriotismo grandes. Nas listas de suscripción de «Nós» e A NOSA TERRA figuran tamén varios sacerdotes que lén as dúas revistas con verdadeiro cariño. Outro sacerdote, D. Avelino Gómez Ledo, bon poeta galego que xa leva publicados varios libros, comenza a publicar en «Nós» uns traballos encol do seu viaxe á Terra Santa. E así por este orde poderíamos citar outros casos e feitos que andan a xurdir expontáneamente.

Parecíanos, que sendo xa tan frecuentes e continuados estes casos tiñamos o deber de os facer resaltar e lles prestar o calor da nosa complacencia e agarimo. De ahí estas verbas. E como o galeguismo é un campo tan vasto no que todos caben e teñen papel á representar, hoxe con este motivo como antes con outros e mañán cos que se presenten, temos que manifestar a nosa ledicia. A ledicia de ollar como en todol-os sectores de vida galega desperta o galeguismo conscen-te e a satisfaição de ver que as nosas campañas atopan eco en todas partes. Hoxe a obra é esa. Despestar o sentimento galego e arrecadar para él espritos e concencias.